



**Concello de
Sober**



**Deputación de
Lugo**

GADIS



**Artesanía de
Galicia**

galicia



**XUNTA
DE GALICIA**



Concello de Sober

Praza do Concello

27460 Sober, Lugo

Tlf: 982 460 001

www.concellodesober.com



**¡ Ven a Sober !
¡ Disfruta do Amandi !**



Deseno JQP



28 E 29 DE MARZO

XXXV FEIRA DO VIÑO DE AMANDI

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO

Saúdo do Alcalde


O Viño de Amandi, é sen dúbida o estandarte dos viños da D.O. Ribeira Sacra. Dende 1981 cada sábado e domingo de Ramos a capitalidade municipal de Sober rende culto a este viño de lenda, que se produce nas escarpadas ladeiras do Sil.

A festa-feira do viño de Amandi chega a súa XXXV edición, e está sobradamente consolidada gracias o esforzo que ano tras ano viticultor@s e adegueir@s veñen facendo para que o noso produto estrela sexa cada vez máis internacionalizado e máis demandado.

Sober engalanase para estes días grandes, pero xa no mes anterior se van debullando de xeito sucesivo no calendario unha morea de actividades que se enmarcan no denominado Mes do Amandi, e que complementan e dan constancia a Feira do Viño de Amandi.

Esta feira, que foi declarada Festa de Interese Turístico en 1999, hai que vivila; os que vides ano a ano xa marcades a data no calendario e repetides sempre. Quero animar aos que nunca viñestes a que vos animedes a visitar Sober, e así na feira das feiras dos viños da Ribeira Sacra, degustaredes o mellor viño do mundo, e poderedes aproveitar para visitar ducias de elementos patrimoniais ou paisaxísticos dos existentes neste concello, que foi declarado con todo merecemento Concello Turístico de Galicia o ano pasado.

Luis Fernández Guitián
Alcalde de Sober.



Concursos e exposicións

Con motivo da XXXV Feira do viño de Amandi convocáronse os seguintes:

Concurso de carteis.

Participaron 30 orixinais recibidos de todo o estado e resultou ganadora Andrea Rodríguez López de Monforte; concedéronse accésits os traballos presentados por Doa Ocampo, Miguel Ángel Rodríguez, José Eduardo Veiga, Javier Doval e Sergio Pérez.

Concurso de deseño de adhesivos.

Foi convocado entre escolares de primaria da comarca e resultou ganadora a alumna do CEIP Virxe do Carme de Sober Lisbeth Sánchez Díaz. Do seu debuxo van distribuírse 10.000 adhesivos durante a Feira do Viño.

Concurso de Selfies.

Os selfies faranse durante os dous días da Feira do Viño de Amandi en calquera lugar de Sober, pero deberán gardar relación coa temática da festa.

Exposición:

No Centro Sociocultural de Sober do 28 de Marzo ó 15 de Abril estarán expostos os carteis presentados o Concurso de Carteis da XXXV FEIRA DO VIÑO DE AMANDI e os debuxos presentados o Concurso infantil de deseño de adhesivos.



Enrique Cerezo Torres- Pregoeiro

Ademais de presidente do Atlético de Madrid e tamén un destacado produtor e distribuidor cinematográfico.



No 1966 iniciase como meritorio de cámara. Chega a participar na rodaxe de preto de 100 películas e programas de televisión.

Nos anos oitenta, crea VIDEO MOVIES INTERNACIONAL, compañía de distribución videográfica, que se converte na máis importante de España.

A principios dos noventa crea ATRIUM PRODUCCIONES coa cal produce grandes éxitos do cine español.

Tamén crea a produtora máis prolífica do audiovisual español, ENRIQUE CEREZO P.C., con máis de 100 películas de directores como Alex de la Iglesia, Santiago Segura, José Luís Garci ou Luís García Berlanga entre outros.

Un moi relevante traballo de Enrique Cerezo está en VIDEO MERCURY FILMS, fundada en 1980 e dedicada a recuperación de cine español. Tódalas grandes produtoras españolas están no seu catálogo, xunto con 2.000 títulos de cine italiano, o catálogo da RKO e 1.000 títulos de produtores norteamericanos. Estas máis de 6000 películas converten a VIDEO MERCURY nunha das maiores empresas distribuidoras para o cine e TV. Este acervo comprende o 70% do cine español.

Recibiu premios de prestixio como o Master de Ouro do Forum de Alta Dirección, Medalla de Ouro da Escola Diplomática, Medalla de Ouro das Belas Artes de Santander, Premio Mauricio Litman no Festival de Cine de Punta de Este-Uruguay, Doctor Honoris Causa pola ESERP Business School, Premio a traxectoria "Pantalla Pinar" en Arxentina, Retrospectiva na 12ª Edición do Festival de Málaga ou Premio Cidade de Huelva ó mellor produtor cinematográfico.

Baixo a súa presidencia o Atlético de Madrid conseguiu 2 Ligas Europeas, 2 Supercopas de Europa, 1 Copa Intertoto, 1 Copa do Rei, 1 Liga española e 1 Supercopa de España.

Andrea Rodríguez López - Antora do Cartel



Naceu en Monforte de Lemos. Estudia Belas Artes na Facultade de Pontevedra (Universidade de Vigo).

Tras rematar a carreira, comeza a traballar como profesora de Pintura e Restauración para os concellos de Sada e Arteixo (A Coruña). Actualmente continua a traballar no concello de Sada.

Andrea Rodríguez foi a ganadora do concurso de carteis que convocou o Concello de Sober para ser imaxe da XXXV Feira do viño de Amandi; o cartel foi elixido por unanimidade do xurado entre 30 propostas recibidas de todo o estado. Ó mesmo tempo o cartel tamén recibiu o primeiro premio do concurso de carteis de festas gastronómicas galego-portuguesas convocado por Expoureense con motivo da 19ª Mostra Internacional Xantar.

Adegas Participantes

<u>A MAN DE PRADO</u>	<u>BOLMENTE</u>	<u>617776392</u>
<u>ALGUEIRA</u>	<u>DOADE</u>	<u>629208917</u>
<u>AS MURAS</u>	<u>PROENDOS</u>	<u>610765469</u>
<u>BARBADO</u>	<u>PROENDOS</u>	<u>626491303</u>
<u>CIVIDADE</u>	<u>OUTEIRO-BOLMENTE</u>	<u>638827289</u>
<u>CRUCEIRO</u>	<u>VILACHÁ-DOADE</u>	<u>982152285</u>
<u>DÉCIMA</u>	<u>VILACHA-DOADE</u>	<u>617372205</u>
<u>DON BERNARDINO</u>	<u>CIMA DE VILA-BROSMOS</u>	<u>670882449</u>
<u>ESTRELA</u>	<u>VILACHÁ-DOADE</u>	<u>982152425</u>
<u>GUÍMARO</u>	<u>SANMIL-BROSMOS</u>	<u>610524484</u>
<u>LUCENZA</u>	<u>CORBELLE-PROENDOS</u>	<u>982460546</u>
<u>MALCAVADA</u>	<u>ROSENDE</u>	<u>699073420</u>
<u>MARCELINO I</u>	<u>A CARQUEIXA-PROENDOS</u>	<u>647164040</u>
<u>PROENCIA</u>	<u>SANSILLAO-PROENDOS</u>	<u>982460055</u>
<u>RECTORAL DE AMANDI</u>	<u>IGREXA-AMANDI</u>	<u>982152157</u>
<u>REGINA VIARUM</u>	<u>DOADE</u>	<u>619009777</u>
<u>SURGA I</u>	<u>LOBIOS</u>	<u>677358050</u>
<u>VAL DA LENDA</u>	<u>CANTÓN-AMANDI</u>	<u>982460504</u>
<u>VIÑA FERREIRO</u>	<u>CAMILO-BOLMENTE</u>	<u>982152518</u>
<u>VIÑA CAZOGA</u>	<u>O PACIO-AMANDI</u>	<u>661644952</u>
<u>VIÑA PEÓN</u>	<u>O BARRIO-FIGUEIROÁ</u>	<u>600687107</u>
<u>VIÑA REGUEIRAL</u>	<u>A CAL-BARANTES</u>	<u>982152570</u>

Panel de Cata

Dona Mar Vilanova De La Torre, investigadora da Misión Biolóxica de Galicia (CSIF). Grupo de investigación de viticultura.

Dona Iria Otero Mazoy, membro da Asociación de Sumilleres Gallaecia.

Don Fernando Vilariño Paxaro, técnico do Comité de Cata da D.O. Rias Baixas.

Don José María Martínez Alonso, membro do Comité de cata da D.O. Ribeira Sacra e propietario da viñoteca "O Beiro" de Santiago.

Don David Cidre Guitián, profesor do ciclo formativo de Servizos en Restauración da Escola de Hostalería Belarmino Fernández Iglesias de Rosende-Sober.



Mes do Amandi

Sábado 28 de Febreiro:

As 12.00 h. No Miradoiro de Santiorxo. Presentación da XXXV FEIRA DO VIÑO DE AMANDI e do seu cartel anunciador, obra da monfortina Andrea Rodríguez López.
Ao remate degustación de viños de AMANDI.

Do 4 ó 8 de Marzo:

STAND promocional do Concello de Sober e da XXXV Feira do Viño de Amandi, na mostra gastronómica XANTAR en Expoureense.
O día 8 haberá unha degustación de Viño de Amandi con Galo de Curral de Vila de Cruces.

Venres 6 de Marzo:

Nas merendas con contos da Biblioteca Pública Municipal, visita a unha ADEGA de AMANDI para coñecer o proceso de elaboración de viño.
Saída as 17.15 horas da biblioteca.

Sábado 14 de Marzo:

Ás 19.30 h. no Centro Sociocultural de Sober **Concerto de Olga Benito (Arpa)** con degustación de viños de Amandi ao remate.
Organiza: Xuventudes Musicais de Sober

Mércores 18 de Marzo:

De 9.00 a 14.30 h. no Centro Sociocultural de Sober, Xornada Técnica "**Claves para vender máis e mellor o viño. Estratexias de Marketing no viño**".
Organiza: Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.

Domingo 22 de Marzo:

Ás 13.00 h. retransmisión en directo dende a Praza do Concello de Sober do programa "**COME E FALA**" da Radio Galega.

Mércores 25 de Marzo:

De 12.00 a 14.30 h. na Escola de Hostalería de Rosende, Xornada de Maridade: **Viño de Amandi con Merluza do Pincho de Celeiro.**
Colaboran:
Escola de Hostalería da Fundación Belarmino Fernández.
Puerto de Celeiro S.A.
Cofradía de Pescadores de Celeiro.



Programa de Actos

SABADO 28 DE MARZO

- Ás 11.30 h.** Disparo de bombas de palenque anuncian o inicio da XXXV Feira do Viño de Amandi.
- Ás 12.00 h.** Apertura Oficial a cargo de **Adega Malcavada** en lembranza a seu fundador **Antonio Vázquez López.**
- Ás 12.15 h.** Actuación do **Grupo de Música Tradicional do AGADIC.**
- De 16.30 a 19.00 h.** Retransmisión en directo dende a Praza do Concello de Sober do programa da TVG "**Aquí Galicia**", con entrevistas, actuacións de orquestras, Banda de Música de Sober, grupos folclóricos, humoristas, etc.
- Ás 17.30 h.** Comezo da **Precata Oficial** na Sala de Catas do Centro Sociocultural de Sober.
- Ás 19.00 h.** Actuación da **Banda de Música de Sober.**
- Ás 19.30 h.** Actuación da **Charanga Madia Leva.**
- Ás 22.30 h.** Actuación do grupo **Os Festicultores.**



DOMINGO 29 DE MARZO

- Ás 10.30 h.** Disparo de 23 bombas de palenque (1 por cada colleiteiro participante)
- Ás 10.45 h.** Actuación da **Charanga NBA.**
- Ás 11.00 h.** Pasarrúas a cargo da **Banda de Música de Sober.**
- Ás 11.30 h.** Comezo da **Cata Oficial** na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober.
- Ás 11.30 h.** **Misa Solemne coa Bendición de Ramos**, na Igrexa de Sober.
- Ás 12.30 h.** **Recepción de Autoridades** na Casa do Concello.
- Ás 13.00 h.** **Pregón** a cargo de D. **Enrique Cerezo Torres**, presidente do Atlético de Madrid.
- Ás 13.30 h.** **Entrega de Premios** os adegueiros.
- Ás 17.00 h.** Actuación da **Charanga NBA.**
- Ás 19.30 h.** Baile coa orquestra **Los Satélites.**